

FUNDACIÓN MARCO

INSTRUCCIÓN DE CONTRATACIÓN PARA CONTRATOS NON SUXEITOS A REGULACIÓN HARMONIZADA (ART. 175(b) LCSP)

A presente Instrución da Fundación MARCO, en diante, a Fundación, ten como obxecto regular o procedemento na realización de contratos onerosos por parte da Fundación, dando cumprimento aos principios de publicidade, concorrancia, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación.

A presente Instrución ten que ser aprobada polo Padroado, que delegará na Presidencia, a facultade de modificar as mesmas, dando conta disto. As remisións a preceptos da Lei de Contratos do Sector Público ou ás cantidades nela mencionadas, entenderanse modificadas no caso de que a Lei de Contratos do Sector Público sexa obxecto de modificación.

En todo o non establecido nesta Instrución o órgano de contratación terá liberdade para establecer o réxime xurídico do contrato, sempre que non contrarie a legalidade.

Estas normas serán publicadas no “perfil de contratante” da Fundación, sendo libre o acceso ás mesmas.

I. PRINCIPIOS APLICABLES E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Natureza da Fundación

A Fundación ten consideración de “poder adxudicador”, con arranxo ao estipulado no artigo 3.3(b) da Lei de Contratos do Sector Público, 30/2007 (en diante LCSP).

Artigo 2. Exclusión dos contratos harmonizados

As presentes normas de contratación aplícanse aos contratos non suxeitos a regulación harmonizada, entendéndose por tales:

* os mencionados no art. 13.2 LCSP,

* os contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27, ambas inclusive, do anexo II da LCSP,

* os contratos de obras, de subministracións, e de servizos das categorías 16 a 26 do anexo II da LCSP, sempre que non superen a contía citada no seguinte parágrafo.

Aos efectos de determinar os límites comunitarios estarase á normativa que mediante o instrumento legal correspondente, se publique cada ano. Para o ano 2008, e con arranxo á Orde EHA/3875/2007, eses límites son os seguintes: (i) Obras: 5.150.000 euros; (ii) Servizos e Subministracións: 206.000 euros.

Os contratos sometidos a regulación harmonizada terán, no seu caso, os pregos de cláusulas xurídicas, co obxecto de completar a regulación establecida na Lei 30/2007.

Artigo 3. Réxime e principios de contratación

O MARCO é unha Fundación do sector público, cuxa actividade contractual réxese polos principios de liberdade de acceso ás licitacións, publicidade, transparencia dos procedementos, non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos. Asegurarase, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control do gasto, unha eficiente utilización dos fondos destinados á realización de obras, a adquisición de bens e a contratación de servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer.

Artigo 4. Ámbito de aplicación

A presente Instrución ten por obxecto desenvolver os procedementos de contratación da Fundación con suxeición aos principios que presiden a súa actividade nos contratos non suxeitos a regulación harmonizada.

A presente Instrución non se aplicará nin ás entregas dinerarias sen contraprestación, nin á contratación do persoal dependente.

Tampouco alcanzará aos contratos onde a Fundación sexa o prestador dos servizos ou subministrador.

Tampouco serán aplicables aos Convenios ou Acordos de Colaboración que a Fundación subscriba con Administracións Públicas, empresarios individuais ou persoas xurídicas de calquera natureza para a consecución dos seus fins. Enténdese por convenio de colaboración o suscrito coa finalidade de realizar un proxecto conxunto, sen que sexa posible entender que a Fundación adquire un ben ou servizo a cambio dun prezo.

Artigo 5. Contratos e negocios excluídos

Son contratos excluídos da presente Instrución os enumerados no artigo 4.1 da LCSP, así como calquera outro contrato excluído da devandita norma por outra disposición legal.

Tamén se entenden excluídos os contratos que teñan por obxecto a prestación de actividades docentes ou de investigación na sede da Fundación, desenvolvidas en forma de cursos de formación ou perfeccionamento, seminarios, coloquios, mesas redondas, conferencias, colaboracións, estudos de investigación, ou calquera outra actividade similar, sempre que as mesmas sexan realizadas por persoas físicas.

Artigo 6. Excepcións á aplicacións das normas de contratación interna

En casos excepcionais, e por razóns de urxencia ou emerxencia, das que se deixará constancia no expediente de contratación, o Padroado poderá autorizar a redución de prazos do artigo 11, a non esixencia de garantías do artigo 17, e poderá substituír a esixencia do Comité de Contratación pola proposta dun ou varios responsables da Fundación.

Artigo 7. Protección de datos

Deberá asegurarse en toda contratación o respecto á normativa de protección de datos, con arranxo ao disposto na disposición adicional trixésimo primeira da LCSP.

II. CUESTIÓNS XERAIS

Artigo 8. Órgano de Contratación

Será o Padroado o órgano previsto estatutariamente sen prexuízo da delegación acordada no Director en reunión de data sinalada segundo proceda.

Artigo 9. Inicio do expediente de contratación

Os expedientes iniciaranse a proposta do Director ou dalgún dos responsables dos departamentos que requiran a realización do gasto ou investimento, que deberán xustificar a natureza e extensión das necesidades a satisfacer. En todo caso o Director autorizará a mesma. O contrato deberá ser necesario para o cumprimento e a realización dos fins da Fundación.

Artigo 10. Cantidades económicas nos contratos e contratos de obras, servizos e subministracións

Será aplicable o establecido no artigo 74 LCSP sobre o obxecto e o seu fraccionamento, e o disposto nos artigos 75 (prezo) e 76 (cálculo do valor estimado do contrato). Con relación ao valor estimado, todos os importes entenderanse excluídos do Imposto sobre o Valor Engadido e deberán incluír a totalidade dos anos do contrato (incluídas as prórrogas).

Con relación aos contratos de obras, servizos e subministracións estarase ás definicións empregadas na LCSP. A duración dos contratos de servizos non poderá exceder de catro anos.

A realización de contratos mixtos, entendidos con arranxo ao artigo 12 da LCSP, só poderá realizarse cando as prestacións se atopen directamente vinculadas entre si.

Artigo 11. Prazos e Cómputo de prazos

O prazo para presentar proposicións en contratos non menores de servizos e subministros será dun mínimo de **12 días**. No caso de obras o prazo será **de 26 días**. En casos de urxencia, debidamente xustificadas, o prazo poderá reducirse a 6 e 13 días respectivamente. Aos efectos de fixar os prazos teranse en conta factores tales como a complexidade do obxecto do contrato e o tempo necesario para o envío da oferta.

Os prazos para emendar as proposicións será dun mínimo de 3 días.

O prazo máximo para a valoración e proposta de adxudicación será de 20 días. A adxudicación farase nun prazo máximo de 10 días dende a proposta de adxudicación.

Todos os prazos aos que se fai mención nestas normas refírense a días naturais. Se o último día fose sábado ou domingo, entenderase prorrogado ao día seguinte hábil.

Artigo 12. Medios de comunicación utilizables nos procedementos aplicables

Serán aplicables a Disposición Adicional décimo oitava e décimo novena da LCSP relativas ás comunicacións por correos, medios informáticos, telemáticos ou comunicacións telefónicas.

Artigo 13. Existencia de fondos para a celebración do contrato

A convocatoria de calquera contrato esixirá a existencia de fondos suficientes. Acreditarase para a satisfacción do mesmo mediante certificación de existencia de crédito que emitirá a Xerencia da Fundación. No caso de que o contrato exceda do exercicio económico farase para os exercicios seguintes as oportunas reservas.

A posibilidade de endebedarse para facer fronte a un contrato estará condicionado ó cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria.

Artigo 14. Perfil de contratante da Fundación

A Fundación recollerá na súa páxina web un apartado referido o “perfil de contratante”. As presentes Instrucións publicaranse en dito perfil, tamén incluírá calquera outra información útil de tipo xeral, como puntos de contacto e medios de comunicación que poden utilizarse para relacionarse co órgano de contratación.

Respecto de todos aqueles contratos de importe superior ao establecido no artigo 175. c) da LCSP (que na actualidade é de 50.000 euros) incluírase a seguinte información:

- a) Contratacións programadas.
- b) As licitacións abertas e a documentación relativa ás mesmas .
- c) Licitacións en fase de adxudicación
- d) Os contratos adxudicados. Está información deberá estar un mínimo de 30 días.
- e) Os procedementos anulados.

O sistema informático deberá contar cun dispositivo que permita acreditar fehacientemente o momento de inicio da difusión pública da información que se inclúa no mesmo, así como todos aqueles fitos dos que deba quedar constancia.

Así mesmo procurarase establecer unha pequena reseña dos contratos inferiores a 50.000 Euros pero superiores a 18.000 Euros.

Artigo 15. Capacidade para contratar e solvencia

Poderán contratar coa Fundación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

A estes efectos, serán aplicables os artigos 44 a 48, o artigo 49.1 e 49.3, e o 50 da LCSP. Igualmente, serán aplicables os artigos 51 a 53.

Aos efectos de acreditar a solvencia, o órgano de contratación poderá esixir unha determinada clasificación aos licitadores para definir as condicións de solvencia requiridas para celebrar o correspondente contrato. Permítense outros medios de proba da solvencia distintos dos previstos nos artigos 64 a 68 da LCSP. Os criterios de solvencia esixidos adecuaranse á natureza de cada contrato. Cando se valore os medios persoais ou materiais, deberá especificarse o nivel, grao ou medida de suficiencia que se vaia a ter en consideración.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou de Galicia acreditará fronte á Fundación, a teor do nel reflectido e agás proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo.

Non poderán realizarse contratos de servizos con empresas de traballo temporal.

Artigo 16. Formalización dos contratos e perfección da contratación

Sen prexuízo do previsto para os contratos menores todo contrato realizado pola Fundación deberá formalizarse por escrito. O documento formalizador do contrato deberá conter as seguintes mencións:

- a) A identificación das partes.
- b) A acreditación da capacidade dos asinantes para subscribir o contrato.
- c) Definición do obxecto do contrato.
- d) O carácter de contrato privado con arranxo ao establecido no artigo 20.1 da LCSP.
- e) A enumeración dos documentos que integran o documento.
- f) O prezo certo, así como, se no seu caso, as cláusulas de revisión.
- g) A duración do contrato ou as datas estimadas para o comezo da súa execución e para a súa finalización, así como a da prórroga ou prórrogas, se estivesen previstas.
- h) As condicións de recepción, entrega ou admisión das prestacións.
- i) As condicións de pago e a esixencia de garantías.
- k) Os supostos en que procede a resolución así como as penalidades.
- l) A extensión obxectiva e temporal do deber de confidencialidade.
- m) O lugar de realización do contrato, que será a sede da Fundación.
- n) As condicións nas que, no seu caso, permítese a subcontratación ou a cesión.
- o) A indicación de que o coñecemento das cuestións litixiosas que afecten á preparación, adxudicación, efectos, cumprimentos e extinción dos contratos, corresponderá á orde xurisdiccional civil. Deberá determinarse se a solución de diferenzas sobre os efectos, cumprimento e extinción dos contratos quedan sometidos aos Tribunais de Xustiza cívica da cidade de Vigo.
- p) No seu caso, prazo de garantía.
- q) Mención a que o contrato executarase a risco e ventura do contratista.

Nos contratos de prestación de servizos deberá especificarse que en ningún caso se producirá a consolidación das persoas que realicen os traballos obxecto como persoal da Fundación.

O documento contractual non poderá incluír estipulacións que establezan dereitos e obrigas para as partes distintos dos previstos nos pregos, concretados, no seu caso, na forma que resulte da proposición do adxudicatario, ou dos precisados no acto de adxudicación do contrato de acordo co actuado no procedemento, de non existir aqueles. No entanto o anterior, pode revisarse, incluíndose no contrato un dereito potestativo de modificación do contrato, supeditado a circunstancias, mencionadas tamén no contrato e no prego, que obxectivamente xustifiquen a modificación.

Artigo 17. Pagos e Garantías

A Fundación, efectuará os pagos unha vez realizado o obxecto do contrato ou proporcionalmente en función dos fitos fixados no contrato. A estes efectos, verificarase polo responsable do Departamento que iniciou o expediente que se executou a obra e servizo con arranxo ás condicións pactadas. Se se realizan pagos con anterioridade, deberán garantirse polo contratista.

Os pagos realizaranse no prazo máximo de 60 días seguintes á recepción factura que en todo caso será conformada polo responsable do Departamento. Os pagos realizaranse mediante transferencia bancaria ou talón nominativo.

O órgano de contratación poderá acordar a esixencia dunha garantía definitiva ao adxudicatario, para asegurar a correcta execución da prestación. O importe da garantía poderá alcanzar ata o 10 por 100 do contrato. Nos contratos por importe superior a 140.000 euros en prestacións de servizos e subministracións ou 1.000.000 euros en obras, a garantía será obrigatoria.

Artigo 18. Subcontratación e cesión do contrato

Con relación á subcontratación e cesión do contrato estarase ao disposto nos artigos 209 e 211 da LCSP.

III. CONTRATOS MENORES

Artigo 19. Contratos menores

Se a contía do contrato non supera as cantidades establecidas no artigo 122.3 da LCSP (que na actualidade, IVE excluídos, é de 50.000 euros para contratos de obras e 18.000 para contratos de servizos ou subministros), bastará con que no expediente figure certificado de existencia de crédito emitido pola Xerencia da Fundación; o correspondente pedido e a respectiva factura/s. No caso de contratos de obras incorporárase un presuposto sen prexuízo da existencia do correspondente proxecto técnico cando as normas específicas así o requiran. Estes contratos non poderán ter duración superior a un ano nin ser obxecto de prórroga.

Quedará xustificado que o prestador ten capacidade de obrar e suficiente habilitación profesional. Incluirase unha declaración de que a entidade prestataria non se atopa incurso en prohibición de contratar (art. 49 e ss da LCSP) nos contratos de importe superior a 4.000 euros.

Este procedemento poderá aplicarse, con arranxo á Disposición Adicional duodécima da LCSP, ás contratacións de bases de datos e subscrición de publicacións con independencia de cal sexa o seu importe.

Nos contratos financiados con cargo a subvencións públicas, de conformidade a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, solicitarase un mínimo de tres ofertas nos seguintes casos:

a) Contratos de obras de contía superior a 30.000 € (IVE excluído).

b) Contratos de subministros e de servizos de contía superior a 12.000 € (IVE excluído).

Deberá formalizarse un contrato por escrito, con arranxo ao artigo 16 da presente Instrución, naqueles casos onde sexa necesario que quede constancia expresa de cales son os dereitos e obrigas de ambas as partes. Será obrigatorio nos contratos de asesoramento xurídico ou consultorías.

IV. CONTRATOS NON MENORES

Artigo 20. Contratos de subministros, servizos ou mixtos entre 18.000,01 euros e 50.000 euros. (Negociados sen publicidade).

Os contratos de subministros e servizos inferiores ao importe establecido no artigo 121.2 da LCSP (que na actualidade é de 50.000 euros) e que non sexan menores con arranxo ao disposto no artigo 19 desta Instrución **só requirirán a solicitude de tres ofertas a empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato**, adxudicándose aquela que sexa economicamente máis vantaxosa. Non será necesaria información da licitación no perfil do contratante.

O órgano de contratación negociará cos licitadores as ofertas presentadas para adaptalas ás necesidades da Fundación, co fin de identificar a oferta máis vantaxosa.

Deberá fixarse previamente as condicións de solvencia dos licitadores e **deberá acreditarse a solicitude de tres ofertas** e que se optou pola oferta económica máis vantaxosa.

Artigo 21. Pregos nos contratos por contía superior a 50.000 euros

Nos contratos superiores ao importe establecido no artigo 121.2 da LCSP (que na actualidade é de 50.000 euros) deberase elaborar un prego de condicións que deberá conter todos os elementos que deben incorporarse ao documento formalizador do contrato con arranxo ao determinado en artigo 16 da presente Instrución. En calquera caso, deberá conter o estipulado no artigo 121.2 da LCSP e conter as prescricións técnicas particulares que haxan de rexer a execución da prestación.

O Prego de Cláusulas Xurídicas será informado con carácter xeral, polo Secretario da Fundación.

Non entanto o anterior, non será necesario elaborar o devandito prego cando o contrato só poida adxudicarse a un oferente, con arranxo ao disposto no artigo 154. d), 155. b) e c), 157. c), d) e e) e 158. c) e d). Neste caso deberá quedar xustificado no expediente que se produce o suposto de feito.

Aos efectos de poder valorar a oferta máis vantaxosa, o órgano de contratación establecerá **criterios de adxudicación** tales como, prezo do contrato (que non poderá ser inferior ao 30 por 100 sobre o total, agás causa debidamente motivada e xustificada), variantes ou melloras dos licitadores, calidade, prazos de execución, medios persoais e materiais que van ser adscritos pola empresa a un contrato, etc. debéndose comunicar aos licitadores os mesmos e a ponderación establecida. No caso de que por razóns debidamente xustificadas non sexa posible ponderar os criterios elixidos, estes enumeraranse por orde decrecente de importancia. No caso de que a Fundación elabore un Prego de condicións xurídicas e outro de condicións técnicas, este non poderá facer mención aos criterios de adxudicación ou concrecións sobre o mesmo.

Non se poderán empregar como criterios de adxudicación aqueles que deban ser empregados como criterios de solvencia da empresa para participar no procedemento.

No caso de que sexa necesario haberá un Prego de Prescricións Técnicas, este recollerá os requisitos técnicos exixibles para o contrato de que se trate. Así mesmo, poderá prever a posibilidade de incluír variantes que supoñan unha mellora técnica na definición da prestación e calquera outra cláusula que resulte adecuada atendendo ás características do contrato.

Nos contratos de servizos comprendidos nas categorías 17 a 27 do Anexo II de contía igual ou superior a 211.000 euros deberán observarse as regras establecidas no artigo 101 para a definición e establecemento de prescricións técnicas, sendo igualmente de aplicación o previsto nos artigos 102 a 104.

Artigo 22. Publicidade dos contratos superiores a 50.000 euros

Todas as licitacións de importe superior a 50.000 euros, incluíranse no **perfil de contratante da Fundación** regulado no artigo 14 destas Instrucións, sen prexuízo de que o órgano de contratación poida acordar outras modalidades adicionais. O anuncio de licitación debe incluír aqueles datos esenciais que permitan coñecer a existencia da licitación proxectada e o seu contido mínimo. Así, o perfil poderá incluír os seguintes extremos:

- a) Obxecto do contrato.
- b) Importe de licitación.
- c) Prazo de execución.
- d) Os criterios de valoración de ofertas e a súa ponderación nos procedementos abertos.

- e) Os requisitos mínimos de solvencia que deba reunir o empresario e a documentación requirida para acreditar os mesmos.
- f) Lugar onde se atopan a disposición dos licitadores os pregos de cláusulas técnicas e xurídicas.
- g) Prazo e forma de presentación de proposicións, con indicación de data e hora límite.
- h) Procedemento de adxudicación que será o negociado nos de subministro e servizos de contía inferiores a 100.000 € e nos de obras de contía inferior a 1.000.000 €.
- i) No seu caso, documentación adicional a presentar ademais da do artigo 130 da LCSP.
- l) No seu caso, as condicións especiais en relación coa execución do contrato (establecidas no artigo 102 da LCSP).

No caso de que o importe do contrato sexa superior a 150.000 euros para os servizos ou subministros e 3.000.000 de euros no caso de obras, o anuncio deberá publicarse no Boletín Oficial do Estado e/ou nun xornal de ámbito nacional. En contratos de contía inferior aos indicados anteriormente, a Fundación MARCO poderá publicar anuncio cando o considere necesario en función do obxecto do contrato.

O contido do anuncio poderá limitarse ao obxecto, prazo, contía e método de adxudicación do contrato, con indicación do lugar ou dirección de Internet do perfil de contratante da Fundación onde conste a presente licitación.

Artigo 23. Procedemento de adxudicación dos contratos de subministros e servizos superiores a 50.000 euros e inferiores a 100.000 euros e dos contratos de obras superiores a 50.000 euros e inferiores a 1.000.000 de euros.

Os contratos superiores ao importe establecido no artigo 121.2 da LCSP (que na actualidade é de 50.000 euros) e inferiores aos importes establecidos nos artigos 155. d) para os contratos de obras (na actualidade 1.000.000 de euros), 157. f) e 158. e) para subministros e servizos (na actualidade 100.000 euros), se tramitarán mediante **procedemento negociado con publicidade**. Será necesaria a solicitude de tres ofertas. Enténdese por procedemento negociado, aquel en que hai previa consulta con diversos candidatos e negociación dos termos do contrato cun ou varios empresarios.

Artigo 24. Valoración de ofertas e proposta de adxudicación nos procedementos negociados.

Terminado o prazo de presentación de ofertas, procederase a determinar coas empresas aqueles aspectos económicos e técnicos que nos pregos designáronse como susceptibles de negociación, debéndose velar en cada caso que todos os licitadores reciban igual trato. As negociacións organizaranse de tal forma que todos os licitadores teñan acceso á mesma cantidade de información, a estes efectos poderá trasladarse ós licitadores as ofertas dos demais ó obxecto de que nun breve prazo presenten unha oferta definitiva.

A negociación cos licitadores, á vista da oferta definitiva, concluirá cunha proposta de adjudicación asinada polo responsable do inicio do procedemento de contratación, que se elevará ao órgano de contratación. A devandita proposta poderán incorporarse como anexos as modificacións na oferta presentada que resulten do proceso de negociación e os informes técnicos que, no seu caso, solicitáronse.

Artigo 25. Procedemento aberto.

No procedemento aberto todo empresario interesado poderá presentar unha proposición quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores. Acudirase a esta modalidade de contratación cando o custe das obras, servizos e subministros supere as seguintes contías: 100.000 € nos contratos de servizos e subministros; 1.000.000 € nos contratos de obras.

Artigo 26. Comité Técnico de Contratación

No caso de que o importe do contrato de servizos ou subministros sexa inferior a 100.000 euros ou no caso de obras a 1.000.000 de euros, a proposición da adjudicación poderá realizarse de xeito razoado polo responsable do departamento que solicite o inicio do procedemento, podendo este solicitar os informes internos sobre a valoración económica e a adecuación da proposición aos pregos.

Nos procedementos abertos cando non sexa posible a aplicación de fórmulas matemáticas, existirá un Comité Técnico de Contratación terá un número de tres membros con dereito a voto. Estará formado:

1. Polo responsable do Departamento que solicite o inicio do procedemento de contratación ou a persoa en quen este delegue.
2. O Secretario da Fundación.
3. O Xerente da Fundación.

O Comité Técnico de Contratación terá as seguintes funcións, debendo realizar cantas sesións resulten necesarias para o cumprimento das mesmas:

- a) Analizar a documentación presentada polos licitadores para verificar se se axusta ás previsións contidas nos pregos de condicións xurídicas e técnicas, acordando, no seu caso, solicitar dos licitadores as subsanacións que procedan.
- b) Proceder á apertura das proposicións presentadas polos licitadores.
- c) Propor a adjudicación ao órgano de contratación en función de cal sexa a oferta técnica máis vantaxosa en aplicación dos criterios de valoración que en cada caso establecéronse, o que deberá xustificarse debidamente, debendo acompañarse como anexos os informes a que se refire o artigo anterior.

Artigo 27. Adxudicación do contrato

Elevarase ao órgano de contratación a proposta de adxudicación do licitador que realice a oferta máis vantaxosa. O órgano de contratación poderá adxudicar o contrato á proposta que resulte máis vantaxosa, de acordo cos criterios establecidos nos correspondentes pregos, ou declarar deserta a licitación sempre que haxa unha causa debidamente xustificada.

Non entanto, o órgano de contratación poderá apartarse da proposta de adxudicación, debendo motivar a súa decisión.

A adxudicación comunicarase por escrito ao licitador que resulte elixido a efectos de proceder á formalización do correspondente contrato, e publicarase no perfil de contratante da Fundación. Ademais comunicarase aos distintos licitadores por calquera medio que deixe constancia da súa recepción (incluído correo electrónico). Nas comunicacións deberase respectar sempre a salvagarda dos intereses comerciais das empresas e segredos técnicos, e a protección de datos en tanto haxa datos de persoas físicas

VI. CUESTIÓNS FORMAIS

Artigo 28. Documentación do expediente

O expediente de contratación deberá ter toda a documentación necesaria para que un terceiro poida revisar que se deu cumprimento á presente Instrución de contratación. Así, en concreto, e na medida en que sexa procedente con arranxo ao estipulado nas presentes normas en función do tipo de licitación e contía do contrato, deberá incorporarse: o anuncio da licitación; os pregos de condicións xurídicas e técnicas; as invitacións cursadas; as propostas presentadas; o acta da sesión ou sesións do Comité Técnico de Contratación e a súa proposta, a documentación xustificativa da adxudicación realizada e o contrato formalizado, a adxudicación realizada así como as razóns para a súa adxudicación ou rexeito.

Artigo 29. Rexistro de contratos vixentes

A Fundación deberá levar un rexistro cos contratos vixentes en cada momento, indicando o tipo de contrato, importe e demais características necesarias, aos efectos de control interno e a elaboración do informe do artigo 129.3 da Lei Xeral Orzamentaria.

Así, deberá conter: número de expedientes; descrición do servizo, provedor; data de firma; data de entrega do ben ou finalización do servizo; importe comprometido e procedemento de contratación.

ENTRADA EN VIGOR

A presente Instrución será de aplicación a todos os procedementos iniciados ao día seguinte da aprobación da mesma. Entenderanse iniciados cando se publicou no perfil de contratante da Fundación a convocatoria do procedemento de adxudicación. No caso de que non se publiquen tomarase a data de aprobación dos pregos.